



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEGAMP E O ONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS PARA A CREACIÓN, IMPLANTACIÓN E MELLORA DOS REXISTROS MUNICIPAIS DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA E POTENCIALMENTE PERIGOSOS (REMAC)

En , Santiago de Compostela a 22 de Abril de 2015

COMPARECEN

Dunha parte D. José Manuel Rey Varela, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) na súa condición de presidente, que actúa neste acto en uso das atribucións que lle confiren os artigos 44 e 46.1 dos seus estatutos de funcionamento.

Doutra parte D. Jose Eugenio Rey Fernández, na súa calidade de Presidente do Consello Galego de Colexios Veterinarios en virtude das facultades atribuídas no artigo 12 do Decreto 172/2000, do 22 de xuño, polo que se crea o Consello Galego de Colexios Veterinarios (DOG de 3 de xullo).

Ambas as partes interveñen en uso dos seus respectivos cargos e se recoñecen a capacidade legal necesaria para formalizar este convenio, en liña cos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A FEGAMP é un órgano institucional que, segundo os seus estatutos constitutivos, representa e defende os intereses de todas as entidades locais de Galicia, sendo o interlocutor dos seus asociados ante as administracións, o que a lexitima para a subscrición



deste convenio marco de colaboración. Preside o seu funcionamento, de base asociativa, o principio de promoción, representación e defensa dos intereses dos entes que conforman a federación de cara a outras administracións públicas.

As entidades locais poden constituir asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lle aplicará a súa normativa específica e, no non previsto, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

De acordo co anterior, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA), establece, na súa disposición transitoria terceira, que a “a Federación Galega de Municipios e Provincias, recoñecida polas Entidades Locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades establecidas na presente Lei e as derivadas da súa representatividade”.

Segundo.- A necesidade de ter constancia dos animais nos termos municipais é unha constante histórica, por razóns de índole hixiénico-sanitarias e de localización en caso de abandono ou extravío, así como as más actuais de seguridade e de organización dos servizos públicos, sendo obriga dos Concellos dispor dun rexistro censal a través do cal se poda ter constancia do número e especies existentes, aínda que desde logo a día de hoxe o número de animais censados sexa unha minoría.

A Lei do Parlamento de Galicia 1/1993, do 22 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade sitúa os posuidores como os obrigados a censar os animais no prazo dun mes desde a súa adquisición. O censo que se indica na Lei é o dependente dos servizos provinciais de sanidade da Xunta de Galicia. Igualmente establece como infracción a inobservancia dese deber [art. 20.j)]

Posteriormente, co Decreto 153/08, do 2 de abril, que desenvolve a anterior, xa específica que dito censo provincial se elabora anualmente a partir dos censos municipais, establecendo no seu art. 27:



1. Tódolos animais da especie canina, así como aqueles doutras especies que no futuro determine a consellería competente nesta materia, deberán estar censados a nivel municipal ben directamente ou a través de veterinarios colaboradores. Os censos municipais confeccionarase e actualizarase, polo menos unha vez ó ano, o censo provincial ó que se refire artigo 7 da Lei 1/1993. Así mesmo, os animais deberán posuí-lo seu correspondente pasaporte ou cartilla sanitaria.

2. Este censo conterá, polo menos, os seguintes datos:

- a) Identificación do animal.
- b) Identificación do propietario, posuidor ou persoa que asuma a responsabilidade.
- c) Domicilio do posuñor.

Terceiro.- A promulgación da Lei estatal 50/1999 de réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, introduciu unhas novas esixencias e obrigas para os propietarios e posuidores de animais considerados potencialmente perigosos e crearon novas institucións de control, algunas de competencia municipal, entre elles a da obtención dunha licenza administrativa outorgada polo concello de municipio correspondente. Establece o art. 3 de dita Lei:

1. La tenencia de cualesquiera animales clasificados como potencialmente peligrosos al amparo de esta Ley requerirá la previa obtención de una licencia administrativa, que será otorgada por el Ayuntamiento del municipio de residencia del solicitante, o, con previa constancia en este Ayuntamiento, por el Ayuntamiento en el que se realiza la actividad de comercio o adiestramiento, una vez verificado el cumplimiento de, al menos, los siguientes requisitos:

- a) Ser mayor de edad y no estar incapacitado para proporcionar los cuidados necesarios al animal.
- b) No haber sido condenado por delitos de homicidio, lesiones, torturas, contra la libertad o contra la integridad moral, la libertad sexual y la salud pública, de asociación con banda armada o de narcotráfico, así como ausencia de sanciones por infracciones en materia de tenencia de animales potencialmente peligrosos.
- c) Certificado de aptitud psicológica.



d) Acreditación de haber formalizado un seguro de responsabilidad civil por daños a terceros que puedan ser causados por sus animales, por la cuantía mínima que reglamentariamente se determine.

Este precepto se desarrollará reglamentariamente.

2. Las Comunidades Autónomas y las Corporaciones locales serán competentes según los respectivos Estatutos de Autonomía y legislación básica de aplicación para dictar la normativa de desarrollo.

E igualmente, para lo que se refiere a la Administración Local, continúa disponiendo dita Ley en relación con los animales potencialmente peligrosos:

“Artículo 5. Identificación.

Los propietarios, criadores o tenedores de los animales a que se refiere la presente Ley tendrán la obligación de identificar y registrar a los mismos en la forma y mediante el procedimiento que reglamentariamente se determine.

En el caso de animales de la especie canina la identificación, con la debida garantía, es obligatoria sin excepciones.

Artículo 6. Registros.

1. En cada municipio u órgano competente existirá un Registro de Animales Potencialmente Peligrosos clasificado por especies, en el que necesariamente habrán de constar, al menos, los datos personales del tenedor, las características del animal que hagan posible su identificación y el lugar habitual de residencia del mismo, especificando si está destinado a convivir con los seres humanos o si por el contrario tiene finalidades distintas como la guarda, protección u otra que se indique.

2. Incumbe al titular de la licencia la obligación de solicitar la inscripción en el Registro a que se refiere el número anterior, dentro de los quince días siguientes a la fecha en que haya obtenido la correspondiente licencia de la Administración competente.

3. En cada Comunidad Autónoma se constituirá un Registro Central informatizado que podrá ser consultado por todas las Administraciones públicas y autoridades competentes, así como por aquellas personas físicas o jurídicas que acrediten tener interés legítimo en el conocimiento de los datos obrantes en el mismo. A estos efectos se considerará, en todo caso, interés legítimo el que ostenta cualquier persona física o jurídica que desee adquirir un animal de estas características.



4. *Cualesquiera incidentes producidos por animales potencialmente peligrosos a lo largo de su vida, conocidos por las autoridades administrativas o judiciales, se harán constar en la hoja registral de cada animal, que se cerrará con su muerte o sacrificio certificado por veterinario o autoridad competente.*
5. *Deberá comunicarse al Registro municipal la venta, traspaso, donación, robo, muerte o pérdida del animal, haciéndose constar en su correspondiente hoja registral.*
6. *El traslado de un animal potencialmente peligroso de una Comunidad Autónoma a otra, sea con carácter permanente o por período superior a tres meses, obligará a su propietario a efectuar las inscripciones oportunas en los correspondientes Registros municipales. En todo caso el uso y tratamiento de los datos contenidos en el Registro será acorde a lo dispuesto en la Ley Orgánica 5/1992, de 29 de octubre.*
7. *En las hojas registrales de cada animal se hará constar igualmente el certificado de sanidad animal expedido por la autoridad competente, que acredite, con periodicidad anual, la situación sanitaria del animal y la inexistencia de enfermedades o trastornos que lo hagan especialmente peligroso.*
8. *Las autoridades responsables del Registro notificarán de inmediato a las autoridades administrativas o judiciales competentes, cualquier incidencia que conste en el Registro para su valoración y, en su caso, adopción de medidas cautelares o preventivas.*
9. *El incumplimiento por el titular del animal de lo preceptuado en este artículo será objeto de la correspondiente sanción administrativa, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 13 de la presente Ley.*

A Lei 50/1999 establecía un prazo de seis meses para a instauración dos correspondentes rexistros municipais, sendo de irregular aplicación esta disposición no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:

Disposición transitoria única. Registro municipal.

Los municipios, en el plazo de seis meses a partir de la entrada en vigor de esta Ley, deberán tener constituido el Registro municipal correspondiente y determinar la forma en que los actuales tenedores de perros potencialmente peligrosos deberán cumplir la obligación de inscripción en el Registro municipal y el mecanismo de comunicación de altas, bajas e incidencias a los Registros Centrales informatizados de cada Comunidad Autónoma.



Cuarto.- O desenvolvemento da Lei estatal 50/1999, e tamén das previsión da Lei 1/1993 continuou coa promulgación do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza dos animais potencialmente perigosos e crea os rexistros de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos, e introduce un novo sistema de identificación dos animais e de rexistro. O Decreto establece:

Artigo 3º.-Licencia.

- 1. A tenza dos animais referidos no artigo anterior requirirá a obtención previa dunha licencia administrativa outorgada polo concello correspondente, nos termos previstos no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro.*
- 2. Esta licencia deberá ser renovada cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o interesado segue a cumpri-los requisitos que se lle esixiron para a súa obtención.*
- 3. Os donos dos animais potencialmente perigosos subscribirán un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de cento vintecinco mil euros (125.000 euros), que se renovará anualmente, pola súa responsabilidade derivada dos danos que o animal poida causar a terceiros, aínda que o animal fose cedido a outra persoa para o seu coidado. A constitución do citado seguro será requisito indispensable e previo para a identificación dos animais e inscrición no rexistro.*
- 4. A obtención da licencia para a tenza de animais salvaxes en catividade, considerados como potencialmente perigosos, requirirá, ademais dos requisitos especificados no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, a presentación dunha memoria descriptiva das instalacións e das medidas de seguridade utilizadas para impedi-la fuxida dos animais. A dita memoria deberá estar subscrita por veterinarios, biólogos ou outros facultativos superiores ou medios nos que nos seus plans de estudos quede acreditado o coñecemento ou estudio de etoloxía animal.*

Artigo 4º.-Rexistro municipal.

- 1. Os titulares da licencia municipal deberán inscribirse no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, que se establece con esta finalidade en todos los concellos, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licencia.*
- 2. Este rexistro contará, polo menos, cos seguintes datos:*

-Datos persoais do posuidor: nome, enderezo habitual, documento nacional de identidade e teléfono de contacto.

-Características do animal que fagan posible a súa identificación: idade, especie, raza, características externas e número do microchip.



-Lugar habitual de residencia do animal.

-Función/aptitude do animal (compañía ou garda, defensa, caza).

3. Os concellos remitirán os datos do rexistro municipal ó Rrexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos, no prazo máximo de 15 días, contados desde o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.

Quinto.- Que o Consello Galego de Colexios Veterinario, como Corporación Profesional de Dereito Público é o órgano de dereito administrativo encargado de representar os intereses comúns dos catro Colexios Oficiais de Veterinarios da Comunidade Autónoma de Galicia e da Organización Colexial Veterinaria Galega no seu conxunto, e asume como unha das súas finalidades a representación e a interlocución coas distintas administracións públicas galegas

Sexto.- Que o Consello Galego de Colexios Veterinarios é o responsable desde o ano 2003 da xestión, coordinación e implantación do sistema de identificación, marcado e rexistro dos animais de compañía da Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo de equipos, medios informáticos e persoal especializado así como todo o software relativo á xestión e control de identificación de animais.

Sétimo.- Que os Profesionais Veterinarios Colexiados, teñen entre os seus cometidos colaborar coas institucións administrativas para identificar factores determinantes da saúde dos cidadáns galegos, diminuir o impacto dos factores de risco para a saúde, aumentar o impacto dos factores protectores da saúde e desenvolver e colaborar na xestión dos programas de promoción e protección colectiva da saúde na Comunidade Autónoma de Galicia.



Oitavo.- Que tanto a FEGAMP como o Consello Galego de Colexios Veterinarios están de acordo en establecer unha colaboración a participación conjunta na implementación dun sistema municipal para a identificación e rexistro de animais de compañía e potencialmente perigosos (REMAC) que dote aos distintos concellos da infraestruturas e ferramentas necesarias para dar un mellor servizo e cumprimento das obrigas establecidas na normativa referida e que permita e facilite a todos os propietarios de animais de compañía, forzas de seguridade, xestores da administración, facultativos veterinarios, etc...

Noveno.- Tendo en conta o anteriormente exposto as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coa seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto, natureza e ámbito de aplicación.

O obxecto deste acordo é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a FEGAMP e O Consello Galego de Colexios Veterinarios para crear, implementar e xestionar en todos os Concellos de Galicia un rexistro informatizado de animais de compañía e potencialmente perigosos que cubra as necesidades e requisitos impostos normativamente sen prexuízo de todas aquellas melloras que sexan establecidas.

Este acordo ten a natureza de convenio de colaboración que contén acordos susceptibles de xerar obrigas xurídicas entre as partes que o subscriben.

O ámbito de aplicación da súa efectividade circunscribirase ao de todos aqueles Concellos que se adhiran nos termos que logo se dirán e que soliciten a creación ou modificación do rexistro de animais de compañía correspondente ao seu municipio.



Segunda.- Contido das actuacións a levar polo Consello Galego de Colexios Veterinarios.

- 1.- O Consello Galego de Colexios Veterinarios porá os medios e os sistemas apropiados para crear e actualizar unha base de datos que, organizado por concellos e estructurada en dúas seccións, conteña os datos para a identificación dos animais de compañía, por unha banda e, por outra, os potencialmente perigosos,
- 2.- A través dos distintos colexios provinciais o Consello Galego de Colexios Veterinarios elaborará unha lista de veterinarios actuantes, a cal será actualizada periodicamente e comunicada á FEGAMP para a súa posterior distribución entre todos os Concellos adscritos ao obxecto do presente convenio.
- 3.- Información a todos os veterinarios colexiados en Galicia sobre as especificacións que se requiren para ser nomeado veterinario actuante no REMAC
- 4.- Colaboración coa FEGAMP na elaboración e distribución aos veterinarios actuantes do REMAC dun modelo único de impreso para notificación e alta, baixas e modificacións no réxime e tramitación das mesmas, ocupándose o Consello Galego de Colexios Veterinarios da súa edición.
- 5.- Control e distribución de todos os medios homologados para a identificación de animais de compañía.
- 6.- Colaboración cos Concellos na distribución aos titulares dos animais identificados e rexistrados, da documentación oficial acreditativa da identificación: distribución oficial do certificado oficial de inscrición no rexistro e emisión da tarxeta identificativa.
- 7.- Tratamento informático de todos os puntos anteriores para a xestión dos rexistros legalmente establecidos respectando a lei de protección de datos de carácter persoal.
- 8.- Elaboración de memorias e informes solicitados polos Concellos ou a FEGAMP. Elaboración dunha memoria anual con incorporación á mesma de cantos datos estatísticos se desprendan da informatización e sexan de interese para ambas as dúas partes.



- 9.- Custodia e arquivo de toda a documentación escrita e informatizada durante a vixencia do presente Convenio.
- 10.- Compatibilidade para posibilitar a conexión cos diferentes rexistros de identificación de animais de compañía existentes en Galicia, no Estado e na Unión Europea.
- 11.- Disposición dun módulo de comunicacíons que permita o acceso telefónico via modem, aos datos do rexistro a aqueles funcionarios de cada Concello expresamente autorizados, quen, igualmente, determinarán o contido e a natureza dos datos a consultar.
- 12.- Formación e distribución aos veterinarios actuantes, da documentación necesaria para o bó coñecemento e funcionamento do Rexistro.
- 13.- Proposición de accións conxuntas para a concienciación, fomento e potenciación da identificación de animais de compañía nos concellos de Galicia.

Terceira.- O Consello Galego de Colexios Veterinarios comprométese a manter en todo momento un rigoroso control e segredo dos datos e da información, resultado final da implantación da obriga da identificación. O Consello Galego de Colexios Veterinarios garantirá, na xestión do Rexistro, o exercicio dos dereitos que recoñece ás persoas a Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, así como o cumprimento das obrigas que esta lei impón aos encargados do tratamentos dos ficheiros, sen prexuízo da responsabilidade que proceda a cada Concello como titular do correspondente ficheiro de titularidade pública.

En todo caso o Consello Galego de Colexios Veterinarios queda autorizado para ceder os datos a todas as Administracións públicas e autoridades competentes, así como a aquellas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos que constan no Rexistro.



Cuarta.- Para a confección dos correspondentes rexistros de cada Concello asociado a este convenio que integrarán o REMAC, o Consello Galego de Colexios Veterinarios deberá recabar os seguintes datos:

1) Identificación do animal:

- Código identificador asignado e implantado.
- Zona de aplicación.
- Especie, raza, sexo e descripción da capa.
- Data de nacemento do animal.
- Endereço habitual do animal
- Finalidades da tenza do animal (pastoreo, caza, garda, compañía, etc...).
- Outros signos identificadores do animal

2) Identificación do/a propietario/a

- Nome, apelidos e DNI
- endereço e teléfono de contacto do propietario do animal
- sinatura do propietario

3) Identificación do/a veterinario/a

- Nome, endereço e número de colexiado do veterinario actuante.
- selo e sinatura.
- Data na que se realiza a marcase e a entrega do documento ao propietario.

4) No caso de que sexa un animal potencialmente perigoso tamén se recollerá o número de licenza do propietario e o número de rexistro municipal do animal



Quinta.- Protocolo de identificación e rexistro.

1º) O Consello Galego de Colexios Veterinarios remitirá, previa consulta, a listaxe de veterinarios colexiados que desexen participar no sistema de identificación do rexistro municipal de animais de compañía e potencialmente perigosos.

2º) A FEGAMP remitirá dita listaxe a todos os seus concellos asociados e que teñan solicitado integrarse no REMAC

3º) O Consello Galego, a través dos respectivos Colexios Provinciais distribuirá entre os veterinarios actuantes a documentación oficial, na que figurará a identificación do correspondente Concello, que terá que cumplimentar o veterinario actuante e o propietario do animal.

4º) Previa comprobación, no seu caso, do pagamento da taxa correspondente que teña aprobado o Concello en cuestión, o veterinario actuante cubrirá o formulario e introducirá todos os datos esixidos na legislación de referencia na base do REMAC no correspondente Concello e sección do rexistro.

O formulario terá tres copias, unha para o veterinario, outra para o/a propietario/a e unha terceira que será remitida ao REMAC quen, previa verificación da corrección da inscrición remitirá ao propietario a documentación que certifique o rexistro.

5º) Calquera modificación por cambio de titular, falecemento animal, destino, domicilio, etc... se tramitará por semellante procedemento e mediante os formularios establecidos ao efecto.

Sexta.- Cada Concello asociado á FEGAMP poderá adherirse ao presente convenio subscrivendo co Consello Galego de Colexios Veterinarios un anexo de compromiso das condición xerais do mesmo.



Cada Concello adherido contribuirá ao sostento dos custos de execución do presente convenio cunha cota anual de 250,00 euros.

Cada un dos Concellos asociados ao REMAC como propietario dos ficheiros correspondentes ao respectivo municipio e dos datos procesados con motivos das anteriores estipulacións do presente Convenio, contará cos terminais precisos para o coñecemento instantáneo de todos e cada un dos datos necesarios. A instalación e mantemento de ditos terminais será con cargo aos correspondentes orzamentos municipais.

Sétima.- A FEGAMP comprométese á realización de campañas informativas para divulgar, entre os propietarios, a necesidade e as vantaxes da identificación e marcaxe con microchip dos animais de compañía.

Oitava.- comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento dos acordos deste convenio, constituirase unha Comisión Mixta paritaria integrada, por parte da FEGAMP, por dous membros nomeados polo seu Presidente e dous membros do Consello Galego de Colexios Veterinarios. A Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento. En calquera caso, a Comisión trasladará un informe final de actividades ás partes asinantes deste Convenio.

Novena.- Entrada en vigor e duración

O Convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha duración de cinco anos prorrogables por períodos sucesivos. Para o suposto de non denunciarse o convenio por escrito por calquera das partes cunha antelación mínima de tres meses á súa finalización ou de calquera das súas prórrogas, o convenio se entenderá automaticamente prorrogado.



Décima.- Modificación e rescisión.

As partes poderán modificar ou denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo.

Decimoprimeira.- Xurisdicción.

A FEGAMP e Consello Galego de Colexios Veterinarios comprométense a resolver de maneira amigábel calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

No seu caso, as partes contratantes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento do presente Convenio á xurisdicción Contencioso-Administrativa, dado o carácter público das mesmas

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Pola FEGAMP

O Presidente

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "J. M. Rey".
fegamp
FEDERACIÓN GALLEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Presidencia

José Manuel Rey Varela

**Polo Consello Galego
de Colexios Veterinarios**

O Presidente

A handwritten signature in black ink, appearing to read "J. E. Rey".
A circular blue seal with the text "CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS" around the perimeter and "SOL" at the top center.
José Eugenio Rey Fernández



ANEXO I

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS PARA A CREACIÓN, IMPLANTACIÓN E MELLORA DOS REXISTROS MUNICIPAIS DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA E POTENCIALMENTE PERIGOSOS (REMAC)

Don/dona
Alcalde/sa do Concello de.....

Manifiesta a adhesión do Concello de ao Convenio de colaboración asinado pola FEGAMP co Consello Galego de Colexios Veterinarios para a creación, implantación e mellora dos rexistros municipais de animais de compañía e potencialmente perigosos, así como a aceptación dos compromisos e obrigas establecidos no devandito convenio

En _____ a ____ de _____ de 20____



Asdo- Sr. Alcalde

Visto e enterado



Asdo. Sr. Presidente Concello
Galego Colexios Veterinarios